	B3.6		DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	CCEC	50%	1%	100%					X			X				
	B3.7		DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man	CCEC	50%	1%	100%					X							
	B3.8				50%	1%	100%						X						
	B3.9				50%	1%	100%						X						
	B3.10		DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	CCEC	90%	5%	100%					X							
	B3.11				90%	5%	100%						X						
	B3.12		DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man	CCEC	50%	1%	100%					X							
11	B3.13	B3.2	DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	CD	50%	1%	100%		X			X	X						
	B3.14		DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoño a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.	CD	50%	1%	100%					X	X	X					
	B3.15		DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado	CD	50%	1%	100%					X	X	X					
	B3.16				50%	1%	100%					X	X	X					
	B3.17		DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	CD	50%	1%	100%		X	X	X	X	X						

## 8.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS DO OBRADOIRO DE ARTE DE 1º BACHARELATO

AV.	UNIDADES DIDÁCTICAS			Criterios de Avaliación		Temporalización		PA
	Tema / U.D.	Bloque	Contido			Mes	Ses.	
1ª	<b>BLOQUE 1. O DEBUXO COMO FERRAMENTA</b>							
	<b>1 O DEBUXO: INSTRUMENTOS E MEDIOS</b>	B1.1	Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.	B1.1	Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.	set	1	
		B1.2	Expresión da subxectividade.	B1.2	Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.	out	5	
		B1.3	Materiais, utensilios e soportes básicos.	B1.3	Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.	nov	4	
B1.4		Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación.	dec			4		
<b>BLOQUE 2. LIÑA E FORMA</b>								
2ª	<b>2 LIÑA E FORMA</b>	B2.1	Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.	B2.1	Describir graficamente obxectos naturais ou artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.	xan/ feb	4	
		B2.2	A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.	B2.2	Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade.	feb	3	
	<b>BLOQUE 3. A COMPOSICIÓN E OS SEUS FUNDAMENTOS</b>							
	<b>3 A COMPOSICIÓN</b>	B3.1	Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.	B3.1	Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.	mar	2	
B3.2		Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.	B3.2	Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.	mar	2		
<b>BLOQUE 4. A LUZ. O CLAROSCURO E A TEXTURA</b>								
3ª	<b>4 LUZ E TEXTURA</b>	B4.1	A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.	B4.1	Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.	abr	3	
		B4.2	A construción das sombras. Valores tonais.	B4.2	. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.	abr/m	4	
		B4.3	Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.	B4.3	Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro	maio	3	
	<b>BLOQUE 5. A COR</b>							
<b>5 A COR</b>	B5.1	Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.	B5.1	. Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas.	xun	2		
	B5.2	Expresividade da cor.			xun	2		

## 8.- RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE OBRADOIRO DE ARTE 1º BACHARELATO

UD	I.Cont.	I.C.A.	I.E.A.	Estandar de aprendizaxe	C.C.	G.M.C.	Peso	Inst.	T.Transv.
----	---------	--------	--------	-------------------------	------	--------	------	-------	-----------

									Rub.	Act.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1.	B1.1	DA1.B1.1.1.	Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.	CSC/CCEC	80%	10%	80%	20%	X	X	X				X	
			DA1.B1.1.2.	Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.	CCL	80%	10%	80%	20%		X	X				X	X
	B1.2.	B1.2	DA1.B1.2.1.	Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado	CSIEE/CCEC	80%	5%	80%	20%			X	X	X	X		
	B1.3	B1.3	DA1.B1.3.1	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades	CSC	100%		80%	20%			X				X	X
			DA1.B1.3.2.	Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.	CSIEE	100%		80%	20%			X		X	X		
2	B2.1	B2.1	DA1.B2.1.1.	Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.	CSIEE/CCEC	90%	10%	80%	20%			X	X	X	X		
			DA1.B2.1.2.	Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.	CSIEE/CCEC	80%	10%	80%	20%			X		X	X		
	B2.2	B2.2	DA1.B2.2.1.	Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	CSIEE/CCEC	80%	10%	80%	20%			X		X	X		
			DA1.B2.2.2	Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.	CMCCT	80%		80%	20%		X	X		X	X		
3	B3.1	B3.1	DA1.B3.1.1	Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.	CSIEE/CCEC	70%	10%	80%	20%			X		X	X		
	B3.2	B3.2	DA1.B3.2.1	Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.	CAA	70%		80%	20%			X		X	X		
4	B4.1	B4.1	DA1.B4.1.1	Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.	CSIEE/CCEC	80%		80%	20%	X	X	X			X	X	
	B4.2	B4.2	DA1.B4.2.1	Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.	CSIEE/CCEC/CCL	80%	10%	80%	20%			X		X	X		
	B4.3	B4.3	DA1.B4.3.1	Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.	CSIEE/CCECCEC/CD	80%	10%	80%	20%			X		X	X		
5	B5.1	B5.1	DA1.B5.1.1	Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.	CSIEE/CCEC	80%	10%	80%	20%			X		X	X		
			DA1.B5.1.2	Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.	CCL/CCEC	70%		80%	20%	X	X	X		X	X		

B5.2	DA1.B5.1.3	Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.	CCEC	80%		80%	20%			X		X	X	
	DA1.B5.1.4	Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.	CSIEE/CD	80%		80%	20%	X	X	X		X	X	
	DA1.B5.1.5	Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.	CSIEE/CCEC	80%		80%	20%			X		X	X	

### LEENDA COMPETENCIAS

<b>CCL</b>	Comunicación lingüística
<b>CMCC</b>	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
<b>CD</b>	Competencia dixital
<b>CAA</b>	Competencia aprender a aprender
<b>CSC</b>	Competencias sociais e cívicas
<b>CSIEE</b>	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
<b>CCEC</b>	Conciencia e expresións culturais

### LEENDA TRANSVERSAIS

<b>CL</b>	Comprensión lectora
<b>EOE</b>	Expresión oral e escrita
<b>CA</b>	Comunicación audiovisual
<b>TIC</b>	Tecnoloxías da información e comunicación
<b>EMP</b>	Emprendemento
<b>EC</b>	Educación cívica
<b>PV</b>	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica)

(2) As rúbricas soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos...

## 9.- COMPETENCIAS CLAVE

Antes de concretar como contribúe a materia de Debuxo Técnico ao desenrolo das competencias clave, analizaremos, en primeiro lugar, qué son, cantas son e qué elementos fundamentais as definen.

Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica e de xeito integrado, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridos durante a etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias teñen tres compoñentes: un saber (un contido), un saber facer (un procedemento, una habilidade, una destreza, etc.) e un saber ser o saber estar (una actitude determinada).

### As competencias clave teñen as características seguintes:

1. Promoven o desenrolo de capacidades, mais que a asimilación de contidos, anque estean sempre presentes á hora de concretar os aprendizaxes.
2. Teñen en conta o carácter aplicativo dos aprendizaxes. Enténdese que unha persoa competente é aquela capaz de resolver os problemas propios de seu ámbito de actuación.
3. Baséanse no seu carácter dinámico, posto que se desenrolan de xeito progresivo e poden ser adquiridas en situacións e institucións formativas diferentes.
4. Teñen un carácter interdisciplinar e transversal, posto que integran aprendizaxes procedentes de distintas disciplinas.
5. Son punto de encontro entre a calidade e a equidade, xa que pretenden garantir unha educación que dea resposta as necesidades reais da nosa época (calidade) e que sirva de base común a todos os cidadáns (equidade).

Ao rematar bacharelato, os alumnos deberán ter adquirido, nun grado axeitado, as chamadas competencias clave, e dicir, os coñecementos, destrezas e actitudes que os individuos necesitan para desenrolar funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia, e estar capacitado para un aprendizaxe o longo da súa vida e para chegar, con garantías de éxito, a educación superior.

A competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son os tres bloques competenciais no que debe potenciarse o desenrolo na etapa do bacharelato. Vexamos que elementos fundamentais conforman cada unha das sete competencias clave que se deben adquirir ao término da etapa.

1. COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	
<b>Definición</b>	Habilidade no uso da linguaxe para a comunicación, a representación, comprensión e interpretación da realidade, a construción do coñecemento e a organización do pensamento, as emocións e a conduta.
<b>Coñecementos</b>	•Compoñente lingüístico.  •Compoñente pragmático-discursivo.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Compoñente sociocultural.</li> <li>•Compoñente estratéxico.</li> <li>•Compoñente persoal.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Ler e escribir.</li> <li>•Escoitar e responder.</li> <li>•Dialogar, debater e conversar.</li> <li>•Expoñer, interpretar e resumir.</li> <li>•Facer creacións propias.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Respecto as normas de convivencia.</li> <li>•Desenrolo dun espírito crítico.</li> <li>•Respecto aos dereitos humanos e o pluralismo.</li> <li>•Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenrolo das capacidades afectivas.</li> <li>•Actitude de curiosidade, interese e creatividade.</li> <li>•Recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fontes de pracer.</li> </ul>
<b>2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)</b>	
<b>Definición</b>	<p>A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático a as súa ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.</p> <p>As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e a interacción responsable con el dende acios, tanto individuais como colectivas, orientadas a conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e ol progreso dos pobos.</p>
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Números, medidas e estruturas.</li> <li>•Operacións e as representacións matemáticas.</li> <li>•Comprensión dos termos e conceptos matemáticos.</li> <li>•Os saberes os coñecementos científicos relativos a física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales derívanse de conceptos, procesos e situacións interconectadas.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Aplicacións dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, para emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos, análises de gráficos e representacións matemáticas e manipulación de expresións alxébricas, incorporando os medios dixitais cando sexa oportuno.</li> <li>•Creación de descrições e explicacións matemáticas que levan implícitas a</li> </ul>

	<p>interpretación de resultados matemáticos e a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto, igual que a determinación de si as solucións son axeitadas e teñen sentido na situación na que se presentan.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Usar os conceptos, procedementos e ferramentas na resolución dos problemas que podan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.</li> <li>• Usar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas.</li> <li>• Usar datos e procesos científicos para chegar a un obxectivo.</li> <li>• Identificar preguntas.</li> <li>• Resolver problemas.</li> <li>• Chegar a unha conclusión.</li> <li>• Tomar decisións baseadas nas probas e argumentos.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rigor, respecto dos datos e veracidade.</li> <li>• Asunción de criterios éticos asociados a ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>• Interese pola ciencia, e apoio a investigación científica e a valoración do coñecemento científico.</li> <li>• Sentido da responsabilidade na relación a conservación dos recursos naturais e as cuestións medioambientais, e a adopción dunha actitude axeitada para lograr unha vida física e mental saudable nun entorno natural e social.</li> </ul>
<b>3. COMPETENCIA DIXITAL (CD)</b>	
<b>Definición</b>	Habilidade para buscar e procesar información mediante un uso creativo, crítico e seguro das TIC.
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Técnicas e estratexias de acceso a información.</li> <li>• Ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>• Manexo de distintos soportes: oral, escrito, audiovisual, multimedia e dixital.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acceder, buscar e seleccionar criticamente a información.</li> <li>• Interpretar e comunicar información.</li> <li>• Eficacia técnica.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Autonomía.</li> <li>• Responsabilidade crítica.</li> <li>• Actitude reflexiva.</li> </ul>
<b>4. APRENDER A APRENDER (CAA)</b>	
<b>Definición</b>	Habilidade para iniciar, organizar e persistir no aprendizaxe.
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento das capacidades persoais.</li> <li>• Estratexias para desenrolar as capacidades persoais.</li> <li>• Atención, concentración e memoria.</li> <li>• Motivación.</li> <li>• Comprensión e expresións lingüísticas.</li> </ul>



<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Estudar e observar.</li> <li>•Resolver problemas.</li> <li>•Planificar proxectos.</li> <li>•Recoller, seleccionar e tratar distintas fontes de información.</li> <li>•Ser capaz de autoavaliarse.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Confianza nun mesmo.</li> <li>•Recoñecemento axustado da competencia persoal.</li> <li>•Actitude positiva ante a toma de decisións.</li> <li>•Perseveranza na aprendizaxe.</li> <li>•Valoración do esforzo e a motivación.</li> </ul>
<b>5. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)</b>	
<b>Definición</b>	Habilidade para usar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez mais diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para conectar con outras persoas e grupos conforme as normas baseadas no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís.</li> <li>•Coñecemento dos acontecementos mais salientables e as principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial.</li> <li>•Comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais nun mundo globalizado.</li> <li>•Coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e ambientes, así como a súas tensións e procesos de cambio.</li> <li>•Conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, a organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos o culturais, a sociedade e a cultura.</li> <li>•Comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas, e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción ca europea, nun contexto de crecente globalización.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Capacidade de comunicarse dun xeito construtivo nos distintos ambientes sociais e culturais.</li> <li>•Mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes.</li> <li>•Negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.</li> <li>•Habilidade para contactar eficazmente no ámbito público e manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten a comunidade.</li> <li>•Reflexión crítica e creativa.</li> <li>•Participación construtiva nas actividades de la comunidade.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Toma de decisións, en particular, mediante el exercicio do voto e da actividade social e cívica.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Seguridade nun mesmo, integridade e honestidade.</li> <li>•Interese poño desenrolo socioeconómico e a súa contribución a un maior benestar social.</li> <li>•Comunicación intercultural, diversidade de valores e respecto as diferencias, comprometéndose a superación de prexucios.</li> <li>•Pleno respecto dos dereitos humanos.</li> <li>•Vontade de participar na toma de decisións democráticas.</li> <li>•Sentido da responsabilidade.</li> <li>•Comprensión e respecto dos valores baseados nos principios democráticos.</li> <li>•Participación construtiva en actividades cívicas.</li> <li>•Apolo a diversidade e a cohesión social e a desenrolo sostible.</li> <li>•Vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais, e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.</li> </ul>
<b>6. SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEE)</b>	
<b>Definición</b>	Capacidade para adquirir e aplicar unha serie de valores e actitudes, e de elixir con criterio propio, transformando as ideas en accións.
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Autocoñecemento.</li> <li>•Establecemento de obxectivos.</li> <li>•Planificación e desenrolo dun proxecto.</li> <li>•Habilidades sociais e de liderado.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Responsabilidade e auto-estima.</li> <li>•Perseveranza e resiliencia.</li> <li>•Creatividade.</li> <li>•Capacidade para calcular e asumir retos responsablemente.</li> </ul>
<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Control emocional.</li> <li>•Actitude positiva ante o cambio.</li> <li>•Flexibilidade.</li> </ul>
<b>7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CEC)</b>	
<b>Definición</b>	Habilidade para comprender, apreciar e valorar, con espírito crítico e actitude aberta e respectuosa, diferentes manifestacións culturais, e interesarse na conservación como patrimonio cultural.
<b>Coñecementos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Linguaxes e manifestacións artísticas.</li> <li>•Técnicas e recursos específicos.</li> </ul>
<b>Destrezas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Comprender, apreciar e valorar criticamente.</li> <li>•Facer creacións propias.</li> </ul>

<b>Actitudes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Curiosidade, interese e creatividade.</li> <li>•Recoñecemento das manifestacións culturais e artísticas como fontes de pracer e disfrute persoal.</li> <li>•Valoración responsable e actitude de protección do patrimonio.</li> </ul>
------------------	---

## EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia «Educación Plástica Visual e Audiovisual» xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiren as competencias clave porque:

- Contribúe, especialmente, a adquirir a **competencia en conciencia e expresións culturais**. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e se é capaz de expresarse a través da imaxe.
- Colabora en gran medida na adquisición da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto e, por iso, en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo este proceso, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomenta a iniciativa e autonomía persoal.
- Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**. Naquela medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuirase á adquisición de habilidades sociais. Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.
- Na **competencia para aprender a aprender** contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos e experimentación creativa, xa que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.
- A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao medio audiovisual e multimedia expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da **competencia en tratamento da información** e en particular ao mundo da imaxe que esta información incorpora. Ademais, o uso de

recursos tecnolóxicos específicos non só supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais, senón que á súa vez colabora na mellora da competencia dixital.

- Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da materia, así como afondar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira **competencia matemática**. Da mesma maneira, a Educación Plástica Visual e Audiovisual contribúe tamén á adquisición das **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise posterior. Así mesmo introduce valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto á utilización de materiais para a creación de obras propias, a análise de obras alleas e a conservación do patrimonio cultural.
- En canto á **competencia en comunicación lingüística**, toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns, e, como tal, a Educación Plástica e Visual permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e, con iso, enriquecer a comunicación.

## DEBUXO TÉCNICO I E II. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Debuxo Técnico, como materia de modalidade de Ciencias en Bacharelato, xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as competencias clave porque:

- A **competencia en conciencia e expresións culturais** é a que se vincula de xeito mais natural ca materia «Debuxo Técnico ». Esta materia proporciona un ámbito de vivenzas, relacións y coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos do debuxo técnico dende o contexto do entorno próximo (Galiza), ata a totalidade do Estado e da comunidade internacional. A materia da ferramentas que permiten, por un lado, ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento e, por outro, as posibilidades de expresión e creación. Dende o principio aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das proporcións xeométricas, tanto as propias como as dos demais. Grazas as posibilidades expresivas, facilítase a comunicación aos outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais. O dominio desta competencia exige identificar os elementos básicos, os materiais, soportes, ferramentas do debuxo técnico así como o coñecemento dos seus principios fundamentais.
- Por outra banda, o desenrolo desta competencia facilitará a interpretación crítica, por parte do alumno, de imaxes do entorno cultural, sendo sensible a súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais. Ademais recoñecerá a importancia dos valores culturais e estéticos do patrimonio que se poden apreciar no entorno galego, español e universal contribuindo a seu respecto, conservación e mellora, como parte do noso patrimonio cultural.

- Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**. Na medida na que a expresión e creación no debuxo técnico supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuírase a adquisición de habilidades sociais. Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas fronte un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.
- O tratamento da información e, particularmente a **competencia dixital**, vense moi favorecidos polos traballos propios da materia relacionándoos coa aplicación de recursos gráficos ou informáticos en función do debuxo que se queira facer e das finalidades do mesmo. Supón usar recursos tecnolóxicos específicos, a vez que colabora a adquisición da competencia dixital, permite facer as operacións necesarias para producir creacións de debuxo técnico, desenrolando a vez actitudes relacionadas coa motivación e o interese do propio alumno, coa utilización dos mesmos de xeito autónomo ou en grupo, así como a valoración de forma crítica e reflexiva da numerosa información dispoñible, o interese por utilizala como vehículo de comunicación, e finalmente, a sensibilidade cara un uso responsable e seguro.
- Tamén dende o Debuxo Técnico traballárase na adquisición da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, competencia que se estimula a partir da formación dun espírito crítico, capaz de cuestionar dogmas e desafiar danos, dende a aventura que supón enfrontarse a problemas abertos e participar na construción tentativa de solucións. Como todo proceso de creación, o debuxo técnico supón converter unha idea nun produto e, por elo, implica desenrolar estratexias de planificación, asumir retos, prever os recursos necesarios, tomar decisións, anticiparse aos problemas e avaliar os resultados. En resumo, pon ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Este proceso contribúe a convivir coa incerteza controlando ao mesmo tempo os procesos de toma de decisións, o que, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomenta a iniciativa e autonomía persoal, ao favorecer reflexións sobre os procesos e experimentación creativa, que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora. Todo elo incide, a vez, na adquisición da competencia de aprender a aprender.
- O Debuxo Técnico exige e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipóteses, mirar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Todo elo implica unha relación clara coas **competencias básicas en ciencias e tecnoloxía**. Por outra banda, aprender a desenvolverse con comodidade a través do linguaxe simbólico é un dos obxectivos da materia, así como o de aprofundar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. Do mesmo xeito, a evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo a través dos contidos da xeometría e da representación das formas coopera de forma significativa a que o alumnado adquira a competencia matemática. Esta competencia permite usar as ferramentas matemáticas na comprensión dos fundamentos da xeometría métrica; inclúe a identificación e o uso de estratexias para usar razoamentos, símbolos e fórmulas matemáticas que permitan integrar coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotián no contexto galego, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
- A materia exige a configuración e a transmisión das ideas e informacións, o que vai indisolublemente unido ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**. O coidado na precisión dos termos usados, no encadeamento axeitado das ideas ou na expresión verbal das relacións fará efectiva esta contribución. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.

- Por outra banda, esta competencia relacionase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para a representación mental e a comunicación na aula a hora de comprender e transmitir informacións relacionadas a datos, conceptos, principios, técnicas, materiais ou instrumentos. Doutra xeito, toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns, e, como tal, o Debuxo Técnico permite facer uso dunhas ferramentas específicas para expresar ideas, sentimentos e emocións, a vez que permite integrar o linguaxe plástico e visual con outras linguaxes e, con elas, fornecer a comunicación. Tamén a lectura de textos relacionados cos contidos da materia é esencial tamén: permitirá familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, arquitectura, pintura, escultura); axudará aos alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

No perfil da competencia da materia de Debuxo Técnico de Bacharelato inclúense as siglas que identifican as competencias clave a que a adquisición contribúe particularmente con cada estándar de aprendizaxe avaliábel.

## OBRADOIRO DE ARTE. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Obradoiro de Arte, como materia de libre configuración en Bacharelato, xoga un papel relevante para que os alumnos alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as competencias clave porque:

- **A competencia en conciencia e expresións culturais** é a que se vincula de xeito máis natural coa materia Obradoiro de Arte. Esta materia proporciona un ámbito de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos da expresión artística dende o contexto do entorno próximo (Galiza), ata a totalidade do Estado e da comunidade internacional. A materia dá ferramentas que permiten, por un lado, ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento e, por outro, as posibilidades de expresión e creación. Dende o principio aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias como as dos demais. Grazas as posibilidades expresivas, facilítase a comunicación aos outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais. O dominio desta competencia exige identificar os elementos básicos, os materiais, soportes, así como o coñecemento dos seus principios fundamentais.
- Por outra banda, o desenvolvemento desta competencia facilitará a interpretación crítica, por parte do alumno, de imaxes do entorno cultural, sendo sensible a súas cualidades plásticas, estéticas e funcionais. Ademais recoñecerá a importancia dos valores culturais e estéticos do patrimonio que se poden apreciar no entorno galego, español e universal contribuíndo a seu respecto, conservación e mellora, como parte do noso patrimonio cultural.
- Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas**. Na medida na que a expresión e creación supoñen un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuirase a adquisición de habilidades sociais. Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e a expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas fronte un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.
- O tratamento da información e, particularmente a **competencia dixital**, vense moi favorecidos polos traballos propios da materia relacionándoos coa aplicación de recursos gráficos ou informáticos en función do traballo que se queira facer e das finalidades do mesmo. Supón usar recursos tecnolóxicos específicos, a vez que colabora a adquisición da competencia dixital, permite facer as

operacións necesarias para producir creacións artísticas, desenvolvendo á vez actitudes relacionadas ca motivación e o interese do propio alumno, ca utilización dos mesmos de xeito autónomo o en grupo, así como a valoración de forma crítica e reflexiva da numerosa información dispoñible, o interese por utilizala como vehículo de comunicación, e finalmente, a sensibilidade cara un uso responsable e seguro.

- Tamén dende o Obradoiro de Arte traballárase na adquisición da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, competencia que se estimula a partires da formación dun espírito crítico, capaz de cuestionar dogmas dende a aventura que supón enfrontarse a problemas abertos e participar na construción tentativa de solucións. Como todo proceso de creación, supón converter unha idea nun produto e, por elo, implica desenrolar estratexias de planificación, asumir retos, prever os recursos necesarios, tomar decisións, anticiparse aos problemas e avaliar os resultados. En resumo, pon ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Este proceso contribúe a convivir ca incerteza controlando ao mesmo tempo os procesos de toma de decisións, o que, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomenta a iniciativa e autonomía persoal, ao favorecer reflexións sobre os procesos e experimentación creativa, que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora. Todo elo incide, a vez, na adquisición da competencia de aprender a aprender.
- O Obradoiro de Arte exige e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipóteses, mirar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Todo elo implica una relación clara cas **competencias básicas en ciencias e tecnoloxía**. Por outra banda, aprender a desenvolverse con comodidade a través do linguaxe simbólico é un dos obxectivos da materia, así como o de afondar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. Do mesmo xeito, a evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo a través dos contidos da xeometría e da representación das formas coopera de forma significativa a que o alumnado adquira a competencia matemática. Esta competencia permite usar as ferramentas matemáticas na comprensión dos fundamentos da xeometría métrica; inclúe a identificación e o uso de estratexias para usar razoamentos, símbolos e fórmulas matemáticas que permitan integrar coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotián no contexto galego, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
- A materia exige a configuración e a transmisión das ideas e informacións, o que vai indisolublemente unido ao desenrolo da **competencia en comunicación lingüística**. O coidado na precisión dos termos usados, no encadeamento axeitado das ideas ou na expresión verbal das relacións fará efectiva esta contribución. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.
- Por outra banda, esta competencia relacionase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para a representación mental e a comunicación na aula a hora de comprender e transmitir informacións relacionadas a datos, conceptos, principios, técnicas, materiais ou instrumentos. Doutro xeito, toda forma de comunicación posúa uns procedementos comúns, e, como tal, o Obradoiro de Arte permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, a vez que permite integrar o linguaxe plástico e visual con outros linguaxes e, con elo, fornecer a comunicación. Tamén lectura de textos relacionados cos contidos da materia é esencial tamén: permitirá familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, arquitectura, pintura, escultura); axudará aos alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

## **10.- MEDIDAS PREVISTAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E A CAPACIDADE DE EXPRESARSE CORRECTAMENTE EN PÚBLICO**

As materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual, Debuxo Técnico e Obradoiro de Arte exigen a configuración e a transmisión de ideas e informacións. Así pois, o coidado na precisión dos termos, e o encadeamento axeitado das ideas ou na expresión verbal das relaciones fará efectiva a contribución desta materia ao desenrolo da competencia en comunicación lingüística, en particular no relativo a expresión e comprensión lectoras. O dominio da terminoloxía específica permitirá, ademais, comprender en profundidade o que outros expresan sobre ela.

O dominio e progreso da competencia lingüística nas súas catro dimensións (comunicación oral: escoitar e falar; e comunicación escrita: ler e escribir), terá de comprobarse a través de uso que o alumnado fai en situacións comunicativas diversas, facendo fincapé, particularmente, na consolidación da costume lectora e a expresión en público. Poden servir de modelo os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas (que, na súa maioría, realízanse a diario) que deben ser tidas en conta a hora de avaliar o proceso de aprendizaxe:

### **Interese e costume da lectura**

Realización de tarefas de investigación nas que sexa imprescindible ler documentos de distinto tipo e soporte.

- Lectura de instrucións escritas para a realización de actividades lúdicas.
- Lecturas recomendadas: divulgativas, biografías de grandes científicos, artistas, etc.
- Plan lector e participación en reunións literarias sobre libros do seu interese relacionados con eventos ou personaxes históricos.
- Elaboración en común de distintos proxectos de clase: un periódico, un blog, unha gaceta de noticias, etc.
- Visitas a librarías especializadas en artes plásticas e deseño gráfico.
- Practicar a lectura en voz alta, lendo, en tódalas sesións de clase, a parte correspondente aos contidos a tratar nesa sesión (do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso), instando ao alumno a mellorar aspectos como a velocidade, a entoación, o ritmo, a pronunciación, etc.
- Lectura comprensiva de textos continuos relacionados co plantexamento e resolución de problemas.
- A partir da lectura do enunciado das actividades a desenrolar, obter a idea principal da cuestión que se propón, para poder dar a resposta axeitada.
- A partir da lectura dun texto determinado (periódico, revista, etc.), indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de entre diversos posibles e o mais axeitado para o conxunto do texto ou para algunha parte do mesmo.
- Uso das TIC.



## **Expresión oral: expresarse correctamente en público**

Realizar con carácter cotián actividades que permitan ao alumno exercitarse na expresión en público, tales como:

- A partir da lectura dun texto determinado, parafrasear oralmente o lido.
- Descrición oral axustada de relacións cuantitativas e espaciais e procedementos de resolución de problemas, usando a terminoloxía axeitada.
- Presentación de imaxes, táboas, carteis, etc., ca intención de que o alumno, so ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique e valore oralmente o propósito da información que ofrecen estes materiais.
- Presentación e defensa en público da proposta gráfica do alumno.
- A presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo, sobre algún tema de contido científico.
- O debates en grupo en torno a algún tema, asumindo para elo papeis o roles diferenciados (animador, secretario, moderador, participando, etc.).
- A exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen en torno a algún tema puntual, como resposta a preguntas concretas, ou a cuestións mais xerais, como poden ser: “¿Que sabes de...?”, “¿Que pensas de...?”, “¿Que queres facer con...?”, “¿Que valor das a...?”, “¿Que consello darías neste caso?”, etc.

## **11.- OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO**

Ademais dos elementos transversais de carácter instrumental dende a materia de Debuxo Técnico débense tratar outros contidos transversais e comúns, que o ordenamento educativo actual estende a tódalas materias.

No apartado da educación en valores, xa se puxo de manifesto o compromiso desta materia na educación cívica e constitucional, baseada no coñecemento e respecto polos valores constitucionais da liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político, con especial atención aos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito a vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito a educación, ao traballo, etc.

Do mesmo xeito, propiciárase o coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial do Estado en comunidades autónomas, así como a reflexión sobre os dereitos (igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito a educación, as prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.) e deberes cidadáns (responsabilidade no uso dos recursos públicos, cumprimento das obrigacións fiscais, participación na vida civil, etc.).

Pola súa especial notabilidade, prestarase particular atención a realización de actividades que potencien a igualdade efectiva entre homes e mulleres que axuden a previr a violencia de xénero. É tamén importante cos alumnos adquiren formación en prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, baseada nos valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Adoptarase unha postura decidida a favor da prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo o xenofobia. Nas sesións de clase, levarase a cabo unha toma de postura consciente para eliminar los prexuízos na asignación dos roles de xénero, propiciando en todo momento un tratamento absolutamente igualitario entre alumnos e alumnas. Do mesmo xeito, evitarase calquera actitude, comentario,

comportamento ou contido que supoña elementos sexistas ou se fundamenten en estereotipos que supoñan discriminación debida as distintas orientacións sexuais ou a asignación sexista de roles, e, adoptarase unha postura decidida a favor da prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Tamén neste apartado de educación en valores comentouse a incorporación de elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e co medioambiente. Aspectos relativos ao uso responsable do material de debuxo que debería durar para todo o período formativo do alumno, pode ser un bo punto de partida para falar da necesidade de preservar os recursos naturais (tales como as materias primas, as fontes de enerxía, etc.) e criticar a presión consumista que fire a natureza acelerando o uso dos recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable.

Todo isto debe conducir ao alumnado a desenvolver valores como a solidariedade e o respecto aos demais e cara ao medioambiente, e o recoñecemento do que o planeta Terra non nos pertence de xeito nacional (e, moito menos, rexional, local ou individualmente), senón que é un ben global do que temos que facer un uso consciente para poder subsistir e ao que debemos coidar para que o resto da humanidade, e as xeracións futuras, poidan utilizalo tamén; debemos colaborar na tarefa global de preservala. Deste xeito, ademais, podemos enlazar ca educación cívica do alumnado.

Neste campo pódese traballar o valor da cooperación, de xeito que se consiga entre todos un desenvolvemento sostible sen asfixiar noso planeta con tanta lixo, e da responsabilidade ao facer referencia a que produtos debemos comprar segundo a súa forma de produción e o envasado que se emprega nos mesmos.

A educación para a igualdade de sexos intenta evitar a discriminación por motivo sexual que aínda persiste na nosa sociedade, tanto no ámbito do traballo científico coma en outros cotiáns. Por outra banda, tamén débese usar unha linguaxe “coeducativa” en todo momento, e tanto as imaxes como os textos que se usen deben excluír calquera discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como base para realizar unha educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non so ao entorno científico, seno a tódolos aspectos da vida cotián.

Segundo o anterior, coa coeducación trabállanse valores como o diálogo e o respecto, posto que dentro do que sería o campo da investigación científica debese estar aberto as comentarios dos demais, sen importar de quen veñan, tendo en conta que a muller e o home son persoas iguais cas mesmas facultades intelectuais.

Ademais, prestarase atención ao desenvolvemento de habilidades que estimulen a adquisición e desenvolvemento do espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo, a capacidade de comunicación, a adaptabilidade, a observación e o análises, a capacidade de sínteses, a visión emprendedora e o sentido crítico. Con este fin, propoñeranse actividades que axuden a:

- Adquirir estratexias que axuden a resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que nos preguntan.
- Desenvolver exercicios de creatividade colectiva entre os alumnos que axuden a resolver unha necesidade cotián.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións dende o seu espírito crítico.
- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
- Desenvolver habilidades cognitivas (expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula, etc.) e sociais (comunicación, cooperación, capacidade de relación co entorno, empatía,

habilidades directivas, capacidade de planificación, toma de decisións e asunción de responsabilidades, capacidade organizativa, etc.).

## EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL. 1º, 3º E 4º DA ESO

### 12.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL EN 1º, 3º, 4º DA ESO.

#### 1.- Aspectos xerais

Os principios psicopedagóxicos xerais xorden das teorías do proceso de ensinanza e aprendizaxe, que, á súa vez, se desprenden do marco teórico ou paradigma que as ampara. O noso enfoque baséase nos principios xerais ou ideas-eixe seguintes:

1. **Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.** Este principio esixe atender simultaneamente á competencia cognitiva correspondente ao nivel de desenvolvemento no que se atopan os alumnos, por unha banda, e aos coñecementos previos que estes posúen en relación co que se quere que aprendan, por outra. Isto débese a que o inicio dunha nova aprendizaxe escolar debe comezar a partir dos conceptos, representacións e coñecementos que construíu o alumno nas súas experiencias previas.
2. **Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos á vida.** Para asegurar unha aprendizaxe significativa deben cumprirse varias condicións. En primeiro lugar, o contido debe ser potencialmente significativo, tanto desde o punto de vista da estrutura lóxica da materia que se está traballando como da estrutura psicolóxica do alumno. En segundo lugar, é necesario que o alumno teña unha actitude favorable para aprender de xeito significativo, é dicir, que estea motivado para conectar o novo que está aprendendo co que el xa sabe, co fin de modificar as estruturas cognitivas anteriores. Se se producen aprendizaxes verdadeiramente significativas, conséguense un dos obxectivos principais da educación: asegurar a funcionalidade do aprendido; é dicir, que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados nas circunstancias reais nas que os alumnos os necesiten (transferencia).
3. **Facilitar a realización de aprendizaxes significativas por si sós.** É necesario que os alumnos sexan capaces de aprender a aprender. Para iso hai que prestar especial atención á adquisición de estratexias de planificación da propia aprendizaxe e ao funcionamento da memoria comprensiva. A memoria non é só o recordo do aprendido, senón tamén o punto de partida para realizar novas aprendizaxes. Canto máis rica sexa a estrutura cognitiva onde se almacena a información e as aprendizaxes realizadas, máis fácil será poder realizar aprendizaxes significativas por un mesmo.

4. **Modificar esquemas de coñecemento.** A estrutura cognitiva dos alumnos concíbese como un conxunto de esquemas de coñecemento que recollen unha serie de informacións, que poden estar organizadas en maior ou menor grao e, polo tanto, ser máis ou menos axeitadas á realidade. Durante o proceso de aprendizaxe, o alumno debería recibir informacións que entren en contradición cos coñecementos que ata ese momento posúe e que, dese modo, rompan o equilibrio inicial dos seus esquemas de coñecemento. Superada esta fase, volverá o equilibrio, o que supón unha nova seguridade cognitiva, grazas á acomodación de novos coñecementos, pois só desa maneira pódese aprender significativamente.
5. **Adestrar diferentes estratexias de metacognición.** Unha maneira de asegurar que os alumnos aprenden a aprender, a pensar, é facilitarlles ferramentas que lles permitan reflexionar sobre aquilo que lles funciona ben e aquilo que non logran facer como querían ou se lles pedía; deste xeito consolidan formas de actuar exitosas e descartan as demais. Ademais, mediante a metacognición, os alumnos son conscientes de que saben e, polo tanto, poden afondar nese coñecemento e aplicalo con seguridade en situacións novas (transferencia), tanto de aprendizaxe como da vida real.
6. **Potenciar a actividade e interactividade nos procesos de aprendizaxe.** A actividade consiste en establecer relacións ricas e dinámicas entre o novo contido e os coñecementos previos que o alumno xa posúe. Non obstante, é preciso considerar que, aínda que o alumno é o verdadeiro artífice do proceso de aprendizaxe, a actividade educativa é sempre interpersoal, e nela existen dous polos: o alumno e o profesor.

## 2.-Principios didácticos

Estes principios psicopedagóxicos implican ou concréntanse nunha serie de principios didácticos, a través dos cales se especifican novos condicionantes nas formas de ensinanza-aprendizaxe, que constitúen un desenvolvemento máis pormenorizado dos principios metodolóxicos establecidos no currículo:

1. Asegurar a relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado, partindo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
2. Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan aos alumnos establecer relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, facilitando deste xeito a construción de aprendizaxes significativas.
3. Organizar os contidos arredor de eixes que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa globalidade.
4. Favorecer a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
5. Potenciar o interese espontáneo dos alumnos no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura, mesmo sabendo que as dificultades que estas aprendizaxes implican poden desmoralizalos; é necesario prevelas e graduar as actividades en consecuencia.
6. Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
7. Proporcionar continuamente información ao alumno sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe conseguir, facéndoo tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe innovadoras.
8. Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.  
Diseñar actividades para conseguir a plena adquisición e consolidación de contidos tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desenvolvidas no contexto da aula, pero

que o funcionamento da escola como organización social si pode facilitar: participación, respecto, cooperación, solidariedade, tolerancia, liberdade responsable, etc.

O desenvolvemento e a adquisición das competencias crave son os elementos fundamentais á hora de abordar e orientar o proceso de ensino-aprendizaxe da materia desde un posicionamento activo.

No campo da Educación Plástica, Visual e Audiovisual, hai que ter en conta os cambios que se deron no contexto cultural relacionado coa experiencia artística, visual e audiovisual: por unha banda existen unhas fronteiras entre as artes cada vez máis débiles e por outro, un desenvolvemento enorme de recursos, soportes e formulacións potenciados, sobre todo, polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Baseándonos nestes cambios a forma de traballar a materia terá que dar resposta a varios ámbitos:

- 1.-Utilización dos recursos técnicos e expresivos propios das linguaxes artísticas, visuais e audiovisuais, seleccionando exemplos familiares aos alumnos, coas súas experiencias, os seus coñecementos previos e os seus valores.
- 2.-Comprensión e interpretación de referentes estéticos na arte, a cultura visual e audiovisual, resaltando a importancia que os produtos estéticos teñen e tiveron na vida dos individuos e as sociedades, tomando conciencia sobre as modas e os gustos.
- 3.-Priorización dos procesos, técnicas e espazos de creación persoal e grupal, facendo fincapé na importancia dos procesos máis que nos resultados.
- 4.-Valoración dos procesos de reflexión e análise crítico vinculado ao mundo da imaxe nun contexto global, servíndose de habilidades do pensamento como a indagación, imaxinación, procura e manipulación creativa de recursos visuais para reelaborar ideas, transformar obxectos da contorna e expor múltiples solucións avaliando criticamente os resultados.

### **3.- Estratexias metodolóxicas**

A finalidade esencial da Educación Plástica Visual e Audiovisual así como o Obradoiro de arte é, por unha banda, dotar o alumno dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden atoparse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que viven inmersos os alumnos e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios (cine, televisión, imaxe dixital, etc.), deberá ser sempre o punto de partida da área.

O principal obxectivo da ensinanza da Educación Plástica e Visual e Obradoiro de Arte é que os alumnos adquiren a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiban expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

Perceptivas e cognitivas, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais. Estéticas e creativas, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.

Sociais e afectivas, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo. De planificación, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma, a Educación Plástica e Visual :

- Permite o **desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión**. Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o **espírito crítico e a creatividade**.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuíndo ao **desenvolvemento da sensibilidade**.
- Permite que se poida chegar a **valorar e gozar do patrimonio artístico** como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a **capacidade de abstracción** para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a **adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos**

#### 4.- Recursos metodolóxicos

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a Educación Plástica e Visual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúe a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.

- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso **protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade**. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos **recursos ambientais e materiais** teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

## **5.- Métodos didácticos**

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- Indutivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- Investigativo: propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos. A metodoloxía da materia baséase na aprendizaxe por competencias, recurrido a estratexias interactivas e á aprendizaxe cooperativa.

## **6.- Eixos da metodoloxía**

### **1- Coñecemento dos contidos teóricos correspondentes ao currículo oficial da materia:**

- Presentacións teóricas de cada bloque temático
- Utilización do proxector da aula de debuxo.
- Os alumnos contan con material teórico facilitado polo profesor por medio de fotocopias, que normalmente incluíra as directrices para a confección dos traballos de tipo práctico.
- Os contidos teóricos presentaranse na sesión previa ao comezo de cada bloque.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno o desenvolvemento de competencias básicas.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que lle proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno nesta a través da autoavaliación e a coavaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

### **2- Actividades (aprendizaxe orientada á acción):**

- Realización práctica dos exercicios seleccionados polo profesor correspondentes a cada un dos bloques temáticos.
- Realización individual ou cooperativa de Proxectos (traballo por Proxectos)

No debuxo xeométrico e técnico faise imprescindible un rigor no cálculo e trazado nos resultados non exentos, nin moito menos, de expresividade.

Deste xeito, todas as unidades temáticas constan dunha parte teórica e outra práctica. No apartado teórico o profesor executa os diferentes exercicios na pizarra, acompañados dunha breve explicación e secuenciación dos mesmos, e, se é o caso, bota man do proxector especialmente naqueles que presenten unha especial dificultade na comprensión espacial. No apartado práctico procurarase que sexa un tempo no que o alumno teña unha actitude activa e persoal respecto das tarefas propostas.

Nesta situación, o profesor resolve posibles dúbidas, coordina os traballos en grupos, orienta a execución dos resultados e asiste ó traballo individualizado. En casa, o alumno finalizará os traballos que non puidesen concluírse en clase, tanto se son láminas, como exercicios ou resolución de problemas.

## **7.- Secuenciación habitual do traballo na aula**

As **actividades** son a maneira activa e ordenada de levar a cabo as estratexias metodolóxicas ou experiencias de aprendizaxe. Unhas experiencias determinadas (proxecto, investigación, centro de interese, clase maxistral, etc.) suporán sempre un conxunto de actividades secuenciais e estruturadas.

Na ensinanza-aprendizaxe na aula podemos distinguir varios tipos de actividades segundo a súa finalidade. Cada conxunto require diferentes tipos de experiencia educativa:

- **Actividades de introdución-motivación**  
Deben introducir os alumnos no que se refire ao aspecto da realidade que deben aprender.
- **Actividades sobre coñecementos previos**  
Son as que realizamos para coñecer as ideas, as opinións, os acertos ou os erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos a desenvolver.
- **Actividades de desenvolvemento**  
Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as actitudes novas, e tamén as que permiten comunicar aos demais o labor realizado. Poden ser de varios tipos:
  - **Actividades de repetición.** Teñen como finalidade asegurar a aprendizaxe, é dicir, que o alumno sinta que interiorizou o que o seu profesor lle quixo transmitir. Son actividades moi similares ás que previamente realizou o profesor.
  - **Actividades de consolidación.** Nas cales contrastamos que as novas ideas se acomodaron coas previas dos alumnos.
  - **Actividades funcionais ou de extrapolación.** Son aquelas nas que o alumnado é capaz de aplicar o coñecemento aprendido en contextos ou situacións diferentes ás traballadas na clase.
  - **Actividades de investigación.** Son aquelas nas que o alumnado participa na construción do coñecemento mediante a busca de información e a inferencia, ou tamén, aquelas nas que utiliza o coñecemento para resolver unha situación/problema proposto.
- **Actividades de reforzo**  
Programámolas para alumnos con algún tipo de atraso ou dificultade. Non poden ser estereotipadas, senón que debemos axustalas ás necesidades ou carencias de cada alumno.
- **Actividades de recuperación**  
Son as que programamos para os alumnos que non adquiriron os coñecementos traballados.
- **Actividades de ampliación/afondamento**  
Son as que permiten continuar construíndo novos coñecementos a alumnos que realizaron de maneira satisfactoria as actividades de desenvolvemento propostas e, tamén, as que non son imprescindibles no proceso.
- **Actividades globais ou finais**  
Son aquelas que realizamos dando un sentido global aos distintos aspectos que traballamos nun tema, con obxecto de non parcelar a aprendizaxe, senón, polo contrario, facerlle ver ao alumno que os distintos aspectos aprendidos lle serven para dar resposta a situacións/problemas da vida cotiá.
- **Traballos monográficos interdisciplinarios ou outros de natureza análoga que impliquen varios departamentos**  
Son aqueles que pretenden:
  - Desenvolver, aplicar e poñer en práctica as competencias básicas previstas para a Educación Secundaria Obrigatoria.
  - Mostrar a consecución alcanzada dos obxectivos xerais da etapa.
  - Mostrar os coñecementos adquiridos sobre varios temas ou materias.
  - Aplicar métodos e técnicas de traballo a través de contidos diversos que ilustren a súa asimilación.



- Achegar os alumnos a un xeito de traballar metódico onde poder aplicar os procedementos e habilidades aprendidos en distintas materias.
- Centrarse na indagación, a investigación e a propia creatividade, favorecendo a curiosidade e o interese na súa realización.

## 13.- AVALIACIÓN 1º , 3º E 4º DA ESO

### 1. ASISTENCIA A CLASE.

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### 2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; así como a detección temperá de necesidades específicas de atención educativa que puideran demandar dunha atención mais personalizada.

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese facer unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informarlle sobre o seu grado de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de avaliación inicial.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao titor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acade o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicarase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñarase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as carencias que se puideran presentar.

### 3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
<b>Probas obxectivas</b>	<p>Non se farán probas escritas, cada unidade avaliarase tendo en conta a calidade , orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de tipo individual como de grupo.</p> <p>Deben ser o mais variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, a súa vez, de varios tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.</li> <li>•De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interpelacións entre factores diversos, argumentar lóxicamente, etc. Estas tarefas competenciais perseguen a realización dun produto final significativo y achegado ao entorno cotián.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>•De investigación: aprendizaxes baseados en problemas.</li> <li>•Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.</li> </ul>
<b>Traballo individual</b>	As láminas propostas durante cada avaliación terán carácter obrigatorio.
<b>Traballo na aula</b>	Valorarase a exactitude na solución, orde claridade e limpeza, construcións máis adecuadas e normalización dos apuntamentos e exercicios realizados na aula.
<b>Caderno do profesor</b>	<p>É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Debe ter fichas de seguimento personalizado, onde se anoten tódolos elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etcétera.</p> <p>Para completar o caderno do profesor será necesaria unha observación sistemática e análises das tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Participación de cada alumno nas actividades da aula, que son un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</li> <li>-Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.</li> <li>-Caderno de clase, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos.</li> </ul>
<b>Observacións</b>	<p>Serán obxecto de rexistro a asistencia, a puntualidade, a actitude, a participación en clase, o esforzo e interese e o uso correcto da linguaxe ademais das cualificacións de exercicios e exames.</p> <p>A participación de cada alumno nas actividades da aula é un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</p>

## EXAMES

Non se farán probas escritas. Cada unidade avaliarase tendo en conta a calidade , orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de tipo individual como de grupo.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación do trimestre terá en conta todos os instrumentos de avaliación:

As cualificacións dos traballos irán de 0 a 10, tendo en conta a calidade, orixinalidade, limpeza e puntualidade no momento da entrega.

A cualificación do alumnado en cada avaliación establecerase segundo os seguintes criterios:

- Actividades prácticas (traballos, proxectos, ...): 80%
- Colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara ao traballo, atención na clase, presentación en tempo e forma dos traballos e exercicios: 20%

Cada un destes ítems valorarase de 0 a 10. A nota final de cada avaliación será a media aritmética ponderada empregando os pesos anteriormente descritos. Tras calcular dita media, esta deberá ser igual o superior a 5.

A nota final da avaliación ordinaria será a media das tres anteriores, pero nunca inferior á última delas.

Para obter unha avaliación positiva da materia na avaliación ordinaria de xuño, haberá que superar as tres avaliacións. En caso de non superar unha avaliación poderase recuperar na seguinte, no caso dos alumnos de secundaria, coa entrega das tarefas non presentadas ou suspensas da avaliación anterior.

### **A AVALIACIÓN FINAL EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A entrega efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

### **PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E REFORZO.**

#### **1- Das materias pendentes de cursos anteriores.**

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores deberán poñerse en contacto co xefe de departamento para recibir información detallada do procedemento a seguir para a recuperación da materia pendente de cursos anteriores. O xefe de departamento propoñeralle os exercicios para traballar durante cada trimestre e fará un seguimento do seu traballo para recuperar a materia.

#### **2- Plan de traballo.**

O alumno coa materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pendente, entregará os exercicios programados durante cada avaliación seguindo as directrices indicadas polo xefe de departamento. A súa entrega efectuarase, como mínimo, unha semana antes da avaliación ordinaria.

#### **3- Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Os alumnos integrados nun grupo seguirán os mesmos procedementos e se lles aplicarán os mesmos instrumentos que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez.

Aqueles que no poidan asistir a clase seguirán un plan de traballo que se establecerá dende o departamento, tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na programación así como as probas parciais acreditativas da superación da materia.

#### **4- Criterios de cualificación.**

Seguiranse os mesmos criterios que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez con aqueles alumnos que se integren no grupo.

No suposto de aqueles alumnos que non se poidan integrar en ningún grupo, actuarase tal e como se indicou no apartado anterior, tendo en conta o seguinte:

- A entrega das tarefas realizarase nos días e horas indicados pola xefatura de estudos.
- Os contidos da materia dividiranse en tres bloque relacionados coa temporalización en trimestres na programación
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas.

- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de cinco, os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso as tarefas correspondente ao terceiro bloque integraranse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.

#### **5- A avaliación final ordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán entregar os traballos non superados ou non entregados no mes de xuño.

#### **6- A avaliación final extraordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria deberán entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

## **OBRADOIRO DE ARTE. 1º DE BACHARELATO**

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

A materia Obradoiro de Arte achega coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Obradoiro de Arte nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

## **OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO**

Ademais dos elementos transversais de carácter instrumental, dende a materia de Obradoiro de Arte débense tratar outros contidos transversais e comúns, que o ordenamento educativo actual estende a tódalas materias.

No apartado da educación en valores, xa se puxo de manifesto o compromiso desta materia na educación cívica e constitucional, baseada no coñecemento e respecto polos valores constitucionais da liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político, con especial atención aos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito a vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito a educación, ao traballo, etc.

Do mesmo xeito, propiciárase o coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial do Estado en comunidades autónomas, así como a reflexión sobre os dereitos (igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito a educación, as prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.) e deberes cidadáns (responsabilidade no uso dos recursos públicos, cumprimento das obrigacións fiscais, participación na vida civil, etc.).

Pola súa especial notabilidade, prestarase particular atención a realización de actividades que potencien a igualdade efectiva entre homes e mulleres que axuden a previr a violencia de xénero. É tamén importante cos alumnos adquiren formación en prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida persoal, familiar e social, baseada nos valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. Adoptarase unha postura decidida a favor da prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Nas sesións de clase, levarase a cabo unha toma de postura consciente para eliminar los prexuízos na asignación dos roles de xénero, propiciando en todo momento un tratamento absolutamente igualitario entre alumnos e alumnas. Do mesmo xeito, evitarase calquera actitude, comentario, comportamento ou contido que supoña elementos sexistas ou se fundamenten en estereotipos que supoñan discriminación debida as distintas orientacións sexuais ou a asignación sexista de roles, e, adoptarase unha postura decidida a favor da prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Tamén neste apartado de educación en valores comentouse a incorporación de elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e co medio ambiente. Aspectos relativos ao uso responsable do material de debuxo que debería durar para todo o período formativo do alumno, pode ser un bo punto de partida para falar da necesidade de preservar os recursos naturais (tales como as materias primas, as fontes de enerxía, etc.) e criticar a presión consumista que fire a natureza acelerando o uso dos recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable.

Todo isto debe conducir ao alumnado a desenrolar valores como a solidariedade e o respecto aos demais e cara ao medio ambiente, e o recoñecemento do que o planeta Terra non nos pertence de xeito nacional (e, moito menos, rexional, local ou individualmente), senón que é un ben global do que temos que facer un uso consciente para poder subsistir e ao que debemos coidar para que o resto da humanidade, e as xeracións futuras, poidan utilizalo tamén; debemos colaborar na tarefa global de preservala. Deste xeito, ademais, podemos enlazar ca educación cívica do alumnado.

Neste campo pódese traballar o valor da cooperación, de xeito que se consiga entre todos un desenvolvemento sostible sen asfixiar noso planeta con tanta lixo, e da responsabilidade ao facer referencia a que produtos debemos comprar segundo a súa forma de produción e o envasado que se emprega nos mesmos.

A educación para a igualdade de sexos intenta evitar a discriminación por motivo sexual que aínda persiste na nosa sociedade, tanto no ámbito do traballo científico coma en outros cotiás. Por outra banda, tamén débese usar unha linguaxe “coeducativa” en todo momento, e tanto as imaxes como os textos que se usen deben excluír calquera discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como base para realizar unha educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non so ao entorno científico, seno a tódolos aspectos da vida cotián.

Segundo o anterior, coa coeducación trabállanse valores como o diálogo e o respecto, posto que dentro do que sería o campo da investigación científica debese estar aberto as comentarios dos demais, sen importar

de quen veñan, tendo en conta que a muller e o home son persoas iguais cas mesmas facultades intelectuais.

Ademais, prestarase atención ao desenvolvemento de habilidades que estimulen a adquisición e desenvolvemento do espírito emprendedor, a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo, a capacidade de comunicación, a adaptabilidade, a observación e o análises, a capacidade de sínteses, a visión emprendedora e o sentido crítico. Con este fin, propoñeranse actividades que axuden a:

- Adquirir estratexias que axuden a resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que nos preguntan.
- Desenvolver exercicios de creatividade colectiva entre os alumnos que axuden a resolver unha necesidade cotián.
- Ter iniciativa persoal e tomar decisións dende o seu espírito crítico.
- Aprender a equivocarse e ofrecer as súas propias respostas.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.
- Desenvolver habilidades cognitivas (expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula, etc.) e sociais (comunicación, cooperación, capacidade de relación co entorno, empatía, habilidades directivas, capacidade de planificación, toma de decisións e asunción de responsabilidades, capacidade organizativa, etc.).

## 14.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA . OBRADOIRO DE ARTE 1º DE BACHARELATO

### 1.- Aspectos xerais

Os principios psicopedagóxicos xerais xorden das teorías do proceso de ensinanza e aprendizaxe, que, á súa vez, se desprenden do marco teórico ou paradigma que as ampara. O noso enfoque baséase nos principios xerais ou ideas-eixe seguintes:

1. **Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.** Este principio esixe atender simultaneamente á competencia cognitiva correspondente ao nivel de desenvolvemento no que se atopan os alumnos, por unha banda, e aos coñecementos previos que estes posúen en relación co que se quere que aprendan, por outra. Isto débese a que o inicio dunha nova aprendizaxe escolar debe comezar a partir dos conceptos, representacións e coñecementos que construíu o alumno nas súas experiencias previas.
2. **Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos á vida.** Para asegurar unha aprendizaxe significativa deben cumprirse varias condicións. En primeiro lugar, o contido debe ser potencialmente significativo, tanto desde o punto de vista da estrutura lóxica da materia que se está traballando como da estrutura psicolóxica do alumno. En segundo lugar, é necesario que o alumno teña unha actitude favorable para aprender de xeito significativo, é dicir, que estea motivado para conectar o novo que está aprendendo co que el xa sabe, co fin de modificar as estruturas cognitivas anteriores. Se se producen aprendizaxes verdadeiramente significativas, conséguese un dos obxectivos principais da educación: asegurar a funcionalidade do aprendido; é dicir, que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados nas circunstancias reais nas que os alumnos os necesiten (transferencia).

3. **Facilitar a realización de aprendizaxes significativas por si sós.** É necesario que os alumnos sexan capaces de aprender a aprender. Para iso hai que prestar especial atención á adquisición de estratexias de planificación da propia aprendizaxe e ao funcionamento da memoria comprensiva. A memoria non é só o recordo do aprendido, senón tamén o punto de partida para realizar novas aprendizaxes. Canto máis rica sexa a estrutura cognitiva onde se almacena a información e as aprendizaxes realizadas, máis fácil será poder realizar aprendizaxes significativas por un mesmo.
4. **Modificar esquemas de coñecemento.** A estrutura cognitiva dos alumnos concíbese como un conxunto de esquemas de coñecemento que recollen unha serie de informacións, que poden estar organizadas en maior ou menor grao e, polo tanto, ser máis ou menos axeitadas á realidade. Durante o proceso de aprendizaxe, o alumno debería recibir informacións que entren en contradición cos coñecementos que ata ese momento posúe e que, dese modo, rompan o equilibrio inicial dos seus esquemas de coñecemento. Superada esta fase, volverá o equilibrio, o que supón unha nova seguridade cognitiva, grazas á acomodación de novos coñecementos, pois só desa maneira pódese aprender significativamente.
5. **Adestrar diferentes estratexias de metacognición.** Unha maneira de asegurar que os alumnos aprenden a aprender, a pensar, é facilitarlles ferramentas que lles permitan reflexionar sobre aquilo que lles funciona ben e aquilo que non logran facer como querían ou se lles pedía; deste xeito consolidan formas de actuar exitosas e descartan as demais. Ademais, mediante a metacognición, os alumnos son conscientes de que saben e, polo tanto, poden afondar nese coñecemento e aplicalo con seguridade en situacións novas (transferencia), tanto de aprendizaxe como da vida real.
6. **Potenciar a actividade e interactividade nos procesos de aprendizaxe.** A actividade consiste en establecer relacións ricas e dinámicas entre o novo contido e os coñecementos previos que o alumno xa posúe. Non obstante, é preciso considerar que, aínda que o alumno é o verdadeiro artífice do proceso de aprendizaxe, a actividade educativa é sempre interpersoal, e nela existen dous polos: o alumno e o profesor.

## **2.- principios didácticos**

Estes principios psicopedagóxicos implican ou concréntanse nunha serie de principios didácticos, a través dos cales se especifican novos condicionantes nas formas de ensinanza-aprendizaxe, que constitúen un desenvolvemento máis pormenorizado dos principios metodolóxicos establecidos no currículo:

1. Asegurar a relación das actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado, partindo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
2. Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe que permitan aos alumnos establecer relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, facilitando deste xeito a construción de aprendizaxes significativas.
3. Organizar os contidos arredor de eixes que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa globalidade.
4. Favorecer a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
5. Potenciar o interese espontáneo dos alumnos no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura, mesmo sabendo que as dificultades que estas aprendizaxes implican poden desmoralizalos; é necesario prevelas e graduar as actividades en consecuencia.
6. Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
7. Proporcionar continuamente información ao alumno sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe conseguir, facéndoo tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe innovadoras.

8. Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación. Diseñar actividades para conseguir a plena adquisición e consolidación de contidos tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desenvolvidas no contexto da aula, pero que o funcionamento da escola como organización social si pode facilitar: participación, respecto, cooperación, solidariedade, tolerancia, liberdade responsable, etc.

O desenvolvemento e a adquisición das competencias crave son os elementos fundamentais á hora de abordar e orientar o proceso de ensino-aprendizaxe da materia desde un posicionamento activo.

No campo da expresión plástica, hai que ter en conta os cambios que se deron no contexto cultural relacionado coa experiencia artística, visual e audiovisual: por unha banda existen unhas fronteiras entre as artes cada vez máis débiles e por outro, un desenvolvemento enorme de recursos, soportes e formulacións potenciados, sobre todo, polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Baseándonos nestes cambios a forma de traballar a materia terá que dar resposta a varios ámbitos:

- 1.-Utilización dos recursos técnicos e expresivos propios das linguaxes artísticas, visuais e audiovisuais, seleccionando exemplos familiares aos alumnos, coas súas experiencias, os seus coñecementos previos e os seus valores.
- 2.-Comprensión e interpretación de referentes estéticos na arte, a cultura visual e audiovisual, resaltando a importancia que os produtos estéticos teñen e tiveron na vida dos individuos e as sociedades, tomando conciencia sobre as modas e os gustos.
- 3.-Priorización dos procesos, técnicas e espazos de creación persoal e grupal, facendo fincapé na importancia dos procesos máis que nos resultados.
- 4.-Valoración dos procesos de reflexión e análise crítico vinculado ao mundo da imaxe nun contexto global, servíndose de habilidades do pensamento como a indagación, imaxinación, procura e manipulación creativa de recursos visuais para reelaborar ideas, transformar obxectos da contorna e expor múltiples solucións avaliando críticamente os resultados.

### **3.- Estratexias metodolóxicas**

A finalidade esencial do Obradoiro de arte é, por unha banda, dotar o alumno dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfica plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico.

A ensinanza e a aprendizaxe da área vense facilitados polo desenvolvemento intelectual desde o pensamento concreto ata o pensamento formal. A didáctica desta área debe partir da apreciación do máis próximo para chegar ao máis recuado. Trátase, ante todo, de que o alumno asimile o contorno visual e plástico en que vive. Nesta interacción co contorno teñen un papel importante as manifestacións da arte popular, que poden atoparse non importa en que lugar e que conteñen valores estéticos cuxa análise e aprecio contribúen a educar a sensibilidade artística. Ao tempo, débese axudar, estimular e intercambiar ideas nas aulas para lograr unha crecente sensibilidade cara ao feito artístico tendo como referencia a obra dos grandes artistas.

A realidade cotiá, tanto natural como de imaxes e feitos plásticos, na que viven inmersos os alumnos e onde están os obxectos dos distintos deseños e as imaxes transmitidas polos medios (cine, televisión, imaxe dixital, etc.), deberá ser sempre o punto de partida da área.



O principal obxectivo é que os alumnos adquiren a capacidade de apreciar no seu contorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saiban expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe visual e plástica.

Ademais, a concreción da área contribuirá ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

Perceptivas e cognitivas, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes e investigar diversas técnicas plásticas e visuais. Estéticas e creativas, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.

Sociais e afectivas, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con persoas e participar en actividades de grupo. De planificación, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos e revisar ao acabar cada unha das fases.

En suma:

- Permite o **desenvolvemento de actitudes e hábitos de análise e reflexión**. Proporciona técnicas útiles para enfrontarse a situacións diversas.
- Fomenta o **espírito crítico e a creatividade**.
- Fai posible a captación da linguaxe das formas, contribuindo ao **desenvolvemento da sensibilidade**.
- Permite que se poida chegar a **valorar e gozar do patrimonio artístico** como expoñente da nosa memoria colectiva.
- Desenvolve a **capacidade de abstracción** para a comprensión de numerosos trazados e convencionalismos.
- Posibilita a **adquisición de destrezas vinculadas á orde e coidado nos procesos de elaboración dos traballos**.

#### 4.- recursos metodolóxicos

Polo que respecta aos recursos metodolóxicos, a materia Obradoiro de Arte contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúe a referencia esencial para un enfoque curricular coherente e integrador entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno.

- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso **protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade**. Esta é unha ensinanza activa con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións en vez de esperar a resposta do profesor.

A concreción dos principios plasmarase na busca sistemática da construción de procedementos do seguinte tipo:

- Análise e clasificación de linguaxes visuais do contorno.
- Identificación e comparación de texturas do contorno.
- Descricións, comparacións e representación de formas.
- Diferenciacións e representacións de matices.
- Recoñecemento e utilización de distintos soportes e técnicas.

En relación cos **recursos ambientais e materiais** teremos en conta que no noso contexto cultural, gran número dos estímulos que recibimos son de natureza táctil ou visual. Esta información provén de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que provén da actividade e creación humana, onde están incluídos o deseño e as artes en xeral.

## 5.- métodos didácticos

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animalos a participar.
- Indutivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.
- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.
- Investigativo: propiciar procesos de busca e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.
- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análise e síntese entre todos. A metodoloxía da materia baséase na aprendizaxe por competencias, recurrido a estratexias interactivas e á aprendizaxe cooperativa.

## 6.- Eixos da metodoloxía

### 1- Coñecemento dos contidos teóricos correspondentes ao currículo oficial da materia:

- Presentacións teóricas de cada bloque temático
- Utilización do proxector da aula de debuxo.
- Os alumnos contan con material teórico facilitado polo profesor por medio de fotocopias, que normalmente incluíra as directrices para a confección dos traballos de tipo práctico.
- Os contidos teóricos presentaranse na sesión previa ao comezo de cada bloque.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno o desenvolvemento de competencias básicas.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que lle proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno nesta a través da autoavaliación e a coavaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

### 2- Actividades (aprendizaxe orientada á acción):

- Realización práctica dos exercicios seleccionados polo profesor correspondentes a cada un dos bloques temáticos.
- Realización individual ou cooperativa de Proxectos (traballo por Proxectos)

## 7.- Secuenciación habitual do traballo na aula

As **actividades** son a maneira activa e ordenada de levar a cabo as estratexias metodolóxicas ou experiencias de aprendizaxe. Unhas experiencias determinadas (proxecto, investigación, centro de interese, clase maxistral, etc.) suporán sempre un conxunto de actividades secuenciais e estruturadas.

Na ensinanza-aprendizaxe na aula podemos distinguir varios tipos de actividades segundo a súa finalidade. Cada conxunto require diferentes tipos de experiencia educativa:

- **Actividades de introdución-motivación**  
Deben introducir os alumnos no que se refire ao aspecto da realidade que deben aprender.
- **Actividades sobre coñecementos previos**  
Son as que realizamos para coñecer as ideas, as opinións, os acertos ou os erros conceptuais dos alumnos sobre os contidos a desenvolver.
- **Actividades de desenvolvemento**  
Son as que permiten coñecer os conceptos, os procedementos ou as actitudes novas, e tamén as que permiten comunicar aos demais o labor realizado. Poden ser de varios tipos:
- **Actividades de repetición.** Teñen como finalidade asegurar a aprendizaxe, é dicir, que o alumno sinta que interiorizou o que o seu profesor lle quixo transmitir. Son actividades moi similares ás que previamente realizou o profesor.
- **Actividades de consolidación.** Nas cales contrastamos que as novas ideas se acomodaron coas previas dos alumnos.
- **Actividades funcionais ou de extrapolación.** Son aquelas nas que o alumnado é capaz de aplicar o coñecemento aprendido en contextos ou situacións diferentes ás traballadas na clase.
- **Actividades de investigación.** Son aquelas nas que o alumnado participa na construción do coñecemento mediante a busca de información e a inferencia, ou tamén, aquelas nas que utiliza o coñecemento para resolver unha situación/problema proposto.
- **Actividades de reforzo**  
Programámolas para alumnos con algún tipo de atraso ou dificultade. Non poden ser estereotipadas, senón que debemos axustalas ás necesidades ou carencias de cada alumno.
- **Actividades de recuperación**  
Son as que programamos para os alumnos que non adquiriron os coñecementos traballados.
- **Actividades de ampliación/afondamento**  
Son as que permiten continuar construíndo novos coñecementos a alumnos que realizaron de maneira satisfactoria as actividades de desenvolvemento propostas e, tamén, as que non son imprescindibles no proceso.
- **Actividades globais ou finais**  
Son aquelas que realizamos dando un sentido global aos distintos aspectos que traballamos nun tema, con obxecto de non parcelar a aprendizaxe, senón, polo contrario, facerlle ver ao alumno que os distintos aspectos aprendidos lle serven para dar resposta a situacións/problemas da vida cotiá.
- **Traballos monográficos interdisciplinarios ou outros de natureza análoga que impliquen varios departamentos**  
Son aqueles que pretenden:
  - Desenvolver, aplicar e poñer en práctica as competencias básicas previstas para a Educación Secundaria Obrigatoria.
  - Mostrar a consecución alcanzada dos obxectivos xerais da etapa.
  - Mostrar os coñecementos adquiridos sobre varios temas ou materias.
  - Aplicar métodos e técnicas de traballo a través de contidos diversos que ilustren a súa asimilación.
  - Achegar os alumnos a un xeito de traballar metódico onde poder aplicar os procedementos e habilidades aprendidos en distintas materias.
  - Centrarse na indagación, a investigación e a propia creatividade, favorecendo a curiosidade e o interese cara as distintas técnicas e temas a abordar durante o curso.

## 15.- AVALIACIÓN OBRADOIRO DE ARTE 1º DE BACHARELATO

### 1. ASISTENCIA A CLASE.

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### 2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; así como a detección temperá de necesidades específicas de atención educativa que puideran demandar dunha atención mais personalizada.

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese facer unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informarlle sobre o seu grado de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de avaliación inicial.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao titor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acade o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicarase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñarase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as carencias que se puideran presentar.

### 3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
<b>Probas obxectivas</b>	<p>Non se farán probas escritas, cada unidade avaliarase tendo en conta a calidade , orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de tipo individual como de grupo.</p> <p>Deben ser o mais variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, a súa vez, de varios tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>•De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.</li><li>•De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interpelacións entre factores diversos, argumentar lóxicamente, etc. Estas tarefas competenciais perseguen a realización dun produto final significativo y achegado ao entorno cotián.</li><li>•De investigación: aprendizaxes baseados en problemas.</li><li>•Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.</li></ul>
<b>Traballo individual</b>	Os traballos propostos durante cada avaliación terán carácter obrigatorio.
<b>Traballo na aula</b>	Valorarase a exactitude na solución, orde claridade e limpeza, construcións máis

	axeitadas e normalización dos apuntamentos e exercicios realizados na aula.
<b>Caderno do profesor</b>	<p>É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Debe ter fichas de seguimento personalizado, onde se anoten tódolos elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etcétera.</p> <p>Para completar o caderno do profesor será necesaria unha observación sistemática e análise das tarefas:</p> <p>-Participación de cada alumno nas actividades da aula, que son un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</p> <p>-Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.</p> <p>-Caderno de clase, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos.</p>
<b>Observacións</b>	<p>Serán obxecto de rexistro a asistencia, a puntualidade, a actitude, a participación en clase, o esforzo e interese e o uso correcto da linguaxe ademais das cualificacións de exercicios e exames.</p> <p>A participación de cada alumno nas actividades da aula é un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</p>

## EXAMES

Non se farán probas escritas. Cada unidade avaliarase tendo en conta a calidade, orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de tipo individual como de grupo.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A cualificación do trimestre terá en conta todos os instrumentos de avaliación:

As cualificacións dos traballos irán de 0 a 10, tendo en conta a calidade, orixinalidade, limpeza e puntualidade no momento da entrega.

A cualificación do alumnado en cada avaliación establecerase segundo os seguintes criterios:

- Actividades prácticas (traballos, proxectos, ...): 80%
- Colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara ao traballo, atención na clase, presentación en tempo e forma dos traballos e exercicios: 20%

Cada un destes ítems valorarase de 0 a 10. A nota final de cada avaliación será a media aritmética ponderada empregando os pesos anteriormente descritos. Tras calcular dita media, esta deberá ser igual o superior a 5.

A nota final da avaliación ordinaria será a media das tres anteriores, pero nunca inferior á última delas.

Para obter unha avaliación positiva da materia na avaliación ordinaria de xuño, haberá que superar as tres avaliacións. En caso de non superar unha avaliación poderase recuperar na seguinte, no caso dos alumnos de secundaria, coa entrega das tarefas non presentadas ou suspensas da avaliación anterior.

## **A AVALIACIÓN FINAL EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A entrega efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

## **PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E REFORZO.**

### **Mecanismos de recuperación**

Os mecanismos de recuperación están en función de todo o anteriormente exposto. Entendemos que cada alumno debe recuperar aquilo no que non logrou os obxectivos propostos, de modo que:

- Deberá rectificar a súa actitude se aí está a súa dificultade.
- Deberá facer ou rectificar aqueles traballos que non fixo no seu momento ou fixo de modo non satisfactorio.
- Deberá volver estudar os contidos conceptuais ou procedementais se esa é a súa insuficiencia.

Desta maneira non pode haber un único mecanismo de recuperación, pois este axustarase á realidade dos alumnos en cada avaliación. O profesor acordará cos seus alumnos o momento máis adecuado para a realización das probas ou traballos necesarios.

Os alumnos que teñan pendente de recuperación algunha avaliación anterior recibirán actividades extra de recuperación, que deben ser motivadoras, significativas e adaptadas ao modo de aprendizaxe de cada alumno, e que deben axudarlle a alcanzar os obxectivos.

### **7- Criterios de cualificación.**

Seguiranse os mesmos criterios que para os alumnos coa materia aprobada.

- A entrega das tarefas realizarase nos días e horas indicados polo profesor do grupo.
- Os contidos da materia dividiranse en tres bloques relacionados coa temporalización en trimestres na programación
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas.
- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de cinco, os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso as tarefas correspondente ao terceiro bloque integraranse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.

### **8- A avaliación final ordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán entregar os traballos non superados ou non entregados no mes de xuño.

### **9- A avaliación final extraordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria deberán entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

# DEBUXO TÉCNICO I E II. 1º E 2º DE BACHARELATO

## 16.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA PARA O DEBUXO TÉCNICO I E II EN 1º E 2º DE BACHARELATO.

### 1.- Aspectos xerais e principios didácticos

O Debuxo Técnico I e II parten do pensamento abstracto formal adquirido nos ensinos precedentes, pero será nesta etapa educativa cando se consolide. Para iso, é fundamental que o docente comparta cos seus alumnos e alumnas qué vai aprender, e por qué é necesario aprendelo. Partirase sempre dunha revisión dos coñecementos previos, e exploranse situacións problemáticas ben contextualizadas, así como a realización de tarefas que o alumnado deberá resolver facendo uso dos seus coñecementos. As construcións xeométricas non deben aplicarse de maneira mecánica, senón que o alumno debe ser capaz de analizar o problema, expor diferentes alternativas e comprender as condicións que debe cumprir a solución que se busca. Da mesma maneira, é importante que se establezan conexións entre os coñecementos adquiridos na xeometría plana cos sistemas de representación, e viceversa.

Dunha maneira concreta, na formulación metodolóxica da materia de Debuxo Técnico I destaca os seguintes aspectos didácticos:

#### **-A importancia dos coñecementos previos**

Hai que conceder desde a aula unha importancia vital á exploración dos coñecementos previos dos alumnos e á vez que se dedica ao seu recordo; así se deben desenvolver ao comezo da unidade todos aqueles conceptos, procedementos, etc., que se necesitan para a correcta comprensión dos contidos posteriores.

#### **-Estimular a transferencia e as conexións entre os contidos.**

En Bacharelato, a materia é a forma básica de estruturación dos contidos. Esta forma de organización curricular facilita, por unha banda, un tratamento máis profundo e rigoroso dos contidos e contribúe ao desenvolvemento da capacidade de análise dos alumnos. Con todo, a fragmentación do coñecemento pode

dificultar a súa comprensión e aplicación práctica. Para evitalo, aínda que os contidos da materia preséntanse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de interdisciplinariedade.

**-Planificación, análise, selección e emprego de estratexias e técnicas variadas na resolución de problemas.**

A resolución de problemas debe servir para ampliar a visión técnica da realidade, para estimular a creatividade e a valoración das ideas alleas, para desenvolver a habilidade para expresar graficamente as ideas propias e recoñecer os posibles erros cometidos.

**-Lectura comprensiva de representacións gráficas e de textos relacionados coa formulación e resolución de problemas.**

**-Programación adaptada ás necesidades da materia**

A programación debe ir encamiñada a unha profundización científica de cada contido, desde unha perspectiva analítica. O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula, desde unha fundamentación teórica aberta e de síntese, buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. De gran valor para o tratamento dos contidos resultarán tanto as aproximacións intuitivas como os desenvolvementos graduais e cíclicos dalgúns contidos de maior complexidade.

**-Os conceptos organízanse en unidades, e estas, en bloques ou núcleos conceptuais.**

Os procedementos deseñáronse en consonancia cos contidos conceptuais, estruturando unha programación adecuada ás capacidades dos alumnos.

As actitudes, como o rigor, a limpeza, a orde, a perseveranza, a cooperación e a responsabilidade son fundamentais no desenvolvemento global do alumnado, tendo en conta que o Bacharelato é unha etapa que na que se consolidan os profundos cambios físicos e psíquicos nos alumnos e establécense as bases que forxarán a súa personalidade futura.

**-Exposición por parte do profesor e diálogo cos alumnos**

Tendo en conta que é o alumno o protagonista da súa propia aprendizaxe, o profesor debe fomentar, ao fío da súa exposición, a participación dos alumnos, evitando en todo momento que a súa exposición convértase nun monólogo. Esta participación pódese conseguir mediante a formulación de preguntas ou a proposta de actividades. Este proceso de comunicación entre profesor-alumno e alumno-alumno, que en ocasións pode derivar na defensa de posturas contrapostas, débeo aproveitar o profesor para desenvolver nos alumnos a precisión no uso da linguaxe científica, expresado en forma oral ou escrita. Esta fase comunicativa do proceso de aprendizaxe pode e debe desenvolver actitudes de flexibilidade na defensa dos puntos de vista propios e o respecto polos alleos.

## **2.- Secuenciación habitual do traballo na aula**

**1.Introdución.-** Presentación do marco conceptual ou do problema para resolver, vinculación con coñecementos previos e integración na unidade didáctica en curso.



**2. Fundamento, análise e relacións conceptuais.** Explicación da definición, teorema propiedade na que se basea, dos seus elementos característicos e das relacións conceptuais que se derivan deste. A miúdo conteñen ademais a expresión matemática correspondente, e poden ter un sentido físico determinado. Nalgunhas ocasións estes fundamentos xa se abordaron na área de matemáticas ou de física durante o curso. Non é necesario que se demostren todos os teoremas e propiedades. É suficiente en moitas ocasións con que o docente os enuncie, para que o alumno teña unha referencia na que apoiar os seus coñecementos previos e fundamentar as súas posibles investigacións.

**3. Natureza do trazado xeométrico.-** Determinábase se é unha aplicación dun teorema, definición ou propiedade, se se constitúe como un lugar xeométrico, se é expresión dunha relación xeométrica, se é o resultado dunha transformación xeométrica, se forma parte dun sistema de representación, se é unha expresión gráfica normalizada, e se é unha combinación entre as anteriores coa descrición pormenorizada dos seus compoñentes. Iso proporciona ao alumnado un marco conceptual sólido na que referenciar globalmente os seus coñecementos previos e aprendizaxes posteriores.

**4. Proceso de Construción Xeométrica.-** Explicación secuenciada e razoada de forma gráfica, das operacións xeométricas, como aplicación dos fundamentos conceptuais adquiridos e das condicións de partida, que permiten chegar ao fin establecido ou á resolución do problema. Se este proceso é realizado simultaneamente polo alumnado a interiorización do mesmo será significativamente maior.

**5. Características e alcance do trazado.-** Detección dos elementos e relacións características do trazado con el mesmo e con outros trazados, así como da utilidade do mesmo para a unidade didáctica, o conxunto do curso e os estudos ou profesións posteriores.

**6. Conclusións.-** Toma de conciencia e valoración da relevancia do trazado aprendido en relación á unidade didáctica correspondente, ao curso en desenvolvemento e aos estudos ou profesións posteriores.

O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento. Presentación en pantalla de proxección de presentacións “Power Point”, visualización de documentos PDF, e utilización da pizarra de xiz para exposicións colectivas ou particularizadas de contidos conceptuais, onde o docente e o alumnado poidan participar activamente e interactuar. Bosquexos do docente sobre o caderno do alumno para actuacións e aclaracións personalizadas concretas. Ademais grazas ás novas tecnoloxías pódense atopar diferentes páxinas web onde haxa exemplos, e vídeos da execución dos problemas onde poden mirar como apoio ao estudado en clase.

### **7. Traxallo persoal do alumno:**

Elaboración dos exercicios propostos polo profesor en cada unha das unidades temáticas encamiñados a asegurar o aprendizaxe dos contidos explicados e cuxa entrega será de carácter obrigatorio

### **8. Avaliación:**

A cualificación mínima para o aprobado será de 5. A cualificación mínima en cada avaliación será de 5 para poder facer media coas demais avaliacións. De ser inferior haberá de recuperarse en exames extraordinarios onde só valorarase a nota do exame e a entrega das tarefas non entregadas durante a avaliación.

### **Láminas de traballo**

As láminas de traballo terán carácter obrigatorio debéndose entregar unha semana antes da avaliación. Poden tratarse de exercicios para realizar en clase ou como tarefa para casa. Valorarase a exactitude na solución, orde, claridade, limpeza, construcións máis adecuadas e normalización.

### **Exames**

Valorarase a exactitude na solución, orde, claridade e limpeza, construcións máis axeitadas e normalización.

### **Actitude en clase.**

A actitude en clase verase reflectida e valorarase pola asistencia, a puntualidade, a participación en clase, o esforzo e interese e o uso correcto da linguaxe.

### **3.- Materiais e recursos didácticos**

1.\_ Apuntamentos.

2.\_ Os recursos materiais que dispoñemos, aínda que escasos, son suficientes para dar ao alumno os coñecementos necesarios para poder desenvolver o seu traballo. Así, utilizaremos, escuadra e cartabón, regra e compás de lousa para que os alumnos aprendan a súa correcta utilización nos diferentes trazados xeométricos.

Os medios informáticos teñen moita utilidade para poñer ao alumno en contacto coas novas tecnoloxías. Dispónse dun computador en cada aula para conectar ao canón de proxección para poder mostrar os contidos, a proposta e resolución de problemas.

O alumno utilizará instrumentos de precisión (escuadra e cartabón, regra e compás) e soportes adecuados para o debuxo a lapis, que será a única técnica gráfica que vai empregar ao longo do curso.

## **17.- AVALIACIÓN 1º E 2º DE BACHARELATO**

### **1. ASISTENCIA A CLASE.**

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren no Regulamento de Réxime Interno terán, por tanto, dereito unicamente a unha proba extraordinaria a final de curso.

### **2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL.**

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras tres semanas dende o inicio das clases.

Terá como obxectivo identificar o grado de desenvolvemento das competencias claves de uso mais habitual na materia: Comunicación lingüística, Competencia matemática, Competencias sociais e cívicas e Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; así como a detección temperá de necesidades específicas de atención educativa que puideran demandar dunha atención mais personalizada.

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese facer unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informarlle sobre o seu grado de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de avaliación inicial.

O resultado da mesma poñerase en común co equipo docente na xunta de avaliación inicial informándose ao titor dos resultados acadados para que este, se o estima pertinente, o traslade ás familias.

Naqueles casos nos que algún alumno non acade o nivel mínimo esperado que permite seguir as ensinanzas con aproveitamento, comunicarase ao titor e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñarase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as carencias que se puideran presentar.

### **3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

<b>PROCEDIMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>
<b>Probos obxectivos</b>	Dous exames parciais por avaliación.

	<p>Deben ser o mais variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, a súa vez, de varios tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.</li> <li>•De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interpelacións entre factores diversos, argumentar lóxicamente, etc. Estas tarefas competenciais perseguen a realización dun produto final significativo y achegado ao entorno cotián.</li> <li>•De investigación: aprendizaxes baseados en problemas.</li> <li>•Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.</li> </ul>
<b>Traballo individual</b>	As láminas propostas durante cada avaliación terán carácter obrigatorio.
<b>Traballo na aula</b>	Valorarase a exactitude na solución, orde claridade e limpeza, construcións máis adecuadas e normalización dos apuntamentos e exercicios realizados na aula.
<b>Caderno do profesor</b>	<p>É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Debe ter fichas de seguimento personalizado, onde se anoten tódolos elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etcétera.</p> <p>Para completar o caderno do profesor será necesaria unha observación sistemática e análises das tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Participación de cada alumno nas actividades da aula, que son un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</li> <li>-Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.</li> <li>-Caderno de clase, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos.</li> </ul>
<b>Observacións</b>	<p>Serán obxecto de rexistro a asistencia, a puntualidade, a actitude, a participación en clase, o esforzo e interese e o uso correcto da linguaxe ademais das cualificacións de exercicios e exames.</p> <p>A participación de cada alumno nas actividades da aula é un momento privilexiado para avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.</p>

## EXAMES

### EXAMES PARCIAIS.

Faranse como mínimo dous exames por avaliación. É imprescindible para poder presentarse a tódolos exames estar ó día na entrega das láminas e levar todo o material necesario para súa execución.

En caso de que se detecte cun alumno esta copiando, se lle recollerá o exame e calificará cun 0.

Os alumnos repetidores asistirán normalmente a clase e poderán examinarse por parciais sempre que cumpran as normas anteriores.

Cada exercicio dos que se compón o exame cualificarase sobre dez, e a nota do exame será a media do total de exercicios do exame. Este método é aplicable a tódolos exames que se farán nesta materia.

Cada exame convocarase co debido tempo e terán unha duración máxima de dúas horas. A materia causa do exame fixarase con dúas semanas de antelación a súa convocatoria.

### **EXAMES DE RECUPERACIÓN**

Fixaranse ó mesmo tempo que os exames parciais e terán lugar durante a seguinte avaliación. A materia será a mesma que para os exames parciais.

### **EXAME DE XUÑO**

Este exame é por partes, isto é, o alumno examínase das partes (parciais) suspensas e requírese aprobar cada unha delas. Para poder presentarse a este exame débense ter entregadas todas as láminas. A duración deste exame será de dúas horas.

### **EXAME PARA SUBIR NOTA**

É un exame voluntario, e poderanse presentar aqueles alumnos que partan dunha nota mínima de cinco e queiran subir a media.

Estes exames coincidirán cos de recuperación da avaliación, e os seus resultados teranse en conta á hora de determinar a nota final do curso.

### **EXAME DE SETEMBRO**

Este exame non será por partes como o de xuño, senón de toda a materia, e a súa duración será de dúas horas. Para poder presentarse a este exame débense ter entregadas todas as láminas.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

A cualificación final da avaliación parcial será a media aritmética dos dous (ou tres) parciais. As notas que o alumno obteña nas láminas poden servir, no seu conxunto, para mellorar a nota da media da avaliación ata un punto, sempre que a actitude do alumno na clase sexa correcta e o alumno teña entregadas todas as láminas do curso.

A nota final da avaliación ordinaria será a media das tres anteriores, pero nunca inferior á última delas.

### **A AVALIACIÓN FINAL EN CASO DE PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA.**

Cando un alumno, por acumulación de faltas de asistencia, perda o dereito á avaliación continua, para superar a materia deberá efectuar unha proba obxectiva comprensiva de todos os conceptos impartidos ao longo do curso e entregar todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

A proba efectuarase na data que o profesor fixe ao final de curso para a recuperación da materia antes da avaliación ordinaria.

A estrutura da proba será a mesma que a do resto de probas efectuadas ao longo do curso. Dita proba considerarase superada cando o alumno acade na mesma unha cualificación de 5 ou superior.

## **PROGRAMA DE RECUPERACIÓN E REFORZO.**

### **10- Das materias pendentes de cursos anteriores.**

Os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores deberán poñerse en contacto co xefe de departamento para recibir información detallada do procedemento a seguir para a recuperación da materia pendente de cursos anteriores. O xefe de departamento propoñeralle os exercicios para traballar durante cada trimestre e fará un seguimento do seu traballo para recuperar a materia.

### **11- Plan de traballo.**

O alumno coa materia de Debuxo Técnico I pendente, entregará os exercicios programados durante cada avaliación seguindo as directrices indicadas polo xefe de departamento. A súa entrega efectuarase, como mínimo, unha semana antes da avaliación ordinaria.

Así mesmo, presentarase a un exame de recuperación por avaliación a realizar no posible fora do horario lectivo.

### **12- Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Os alumnos integrados nun grupo seguirán os mesmos procedementos e se lles aplicarán os mesmos instrumentos que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez.

Aqueles que no poidan asistir a clase seguirán un plan de traballo que se establecerá dende o departamento, tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos na programación así como as probas parciais acreditativas da superación da materia.

### **13- Criterios de cualificación.**

Seguiranse os mesmos criterios que para os alumnos que cursen a materia por primeira vez con aqueles alumnos que se integren no grupo.

No suposto de aqueles alumnos que non se poidan integrar en ningún grupo, actuarase tal e como se indicou no apartado anterior, tendo en conta o seguinte:

- Ditas probas obxectivas efectuaranse nos días e horas indicados pola xefatura de estudos.
- Os contidos da materia dividiranse en tres bloque relacionados coa temporalización en trimestres na programación
- So se considerará superada a materia cando a cualificación acadada sexa de cinco ou superior. A cualificación da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das probas.
- No suposto de que nas probas correspondentes aos bloques 1 ou 2 non se acade a nota mínima de cinco, os contidos de dito bloque deberán de ser obxecto de recuperación. Nese caso na proba correspondente ao terceiro bloque integraranse tamén os contidos referentes aos bloques non superados.

### **14- A avaliación final ordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen algunha avaliación deberán realizar unha proba de avaliación final no mes de xuño cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

#### **15- A avaliación final extraordinaria.**

Aqueles alumnos que non superen a materia na avaliación final ordinaria efectuarán en convocatoria extraordinaria unha proba obxectiva cunha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso e deberán entregar tamén todos os traballos obrigatorios realizados ao longo do curso.

### **ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN 2º DE BACHARELATO**

#### **1- Que procedemento se seguirá?**

- a) Matrícula como pendente x
- b) Proba obxectiva x
- c) Entrega das tarefas realizadas polos alumnos de 1º de Bacharelato do curso anterior.

#### **2- De optar pola PROBA**

##### **a) Que tipo de proba?**

Un exame que constará de dez exercicios no que o alumno acredite os seus coñecementos da materia de Debuxo Técnico I.

#### **3- Cómo se avaliará?**

Cada exercicio dos que se compón o exame cualificarase sobre dez, e a nota do exame será a media do total de exercicios do exame.

### **18.- AGRUPAMENTOS**

Debido ás actuais circunstancias marcadas pola Covid-19 que obrigan a diminuír a ratio en cada unha das aulas así como a destinar a aula de Plástica a un grupo de Bacharelato, este curso tanto as materias de Plástica, Obradoiro de Arte e Debuxo Técnico desenvolveranse en múltiples aulas do instituto, salvo nalgún grupo da ESO.

### **19.- TEMPOS**

1º ESO: dúas horas semanais.

3º ESO: dúas horas semanais.

4º ESO: tres horas semanais.

1º BAC: catro horas semanais.

2º BAC: catro horas semanais.

1º BAC Obradoiro de Arte: unha hora semanal.

## **20.- ESPAZOS**

O Departamento, ademais dun despacho propio, dispón dunha aula específica para as materias de Educación Plástica e Visual, Debuxo Técnico e Obradoiro de Arte.

A aula conta con mesas axeitadas de debuxo e proxector, así como de libros das distintas materias, aínda que non dispón de equipos para a aplicación das TIC por parte dos alumnos nin do material necesario de emprego habitual, polo que se considera imprescindible corrixir estas deficiencias ao longo do presente curso.

Debido ás actuais circunstancias, marcadas pola Covid-19, que obrigan a diminuír a ratio en cada unha das aulas así como a destinar a aula de Plástica a un grupo de Bacharelato, este curso tanto as materias de Plástica, Obradoiro de Arte e Debuxo Técnico desenvolveranse en múltiples aulas do instituto, salvo nalgún grupo da ESO.

## **21.- MATERIAIS**

- Modelos de xeso.
- Material informático: portátil, proxector, programas de tratamento de texto e de imaxes.
- Compás, escuadra e cartabón de encerado.
- Regra de 100 cm. de encerado.
- Xogos de corpos xeométricos de madeira e plástico.
- Ordenador portátil.
- Modelos de escaiola.
- Botes de cores: gouache e acrílicos.
- Pila de auga con billa.

## 22.- RECURSOS DIDÁCTICOS

- 1- Libros de texto, de consulta sobre arte, arquitectura e deseño e cómics.
- 2- Revistas para analizar, entre outros, o tema da publicidade.
- 3- Canón de vídeo
- 4- Libros de apoio do Departamento de Educación Plástica e Visual e Debuxo Técnico.
- 5- Distintas páxinas web de contido plástico e de arte:
- 6- <http://www.profes.net>
- 7- <http://www.librosvivos.net>
- 8- <http://www.educacionplastica.net/>
- 9- <http://blog.educastur.es/luciaag/>
- 10- <http://www.artehistoria.jcyl.es/>
- 11- <http://recursostic.educacion.es/artes/plastic/web/cms/>
- 12- <http://www.educared.org>
- 13- Webs de museos, monográficos de artistas etc.

## 23.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

**Con qué temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)**

1º , 3º e 4º da ESO e Obradoiro de Arte:

Non se farán probas escritas, cada unidade avaliarase tendo en conta a calidade , orixinalidade e limpeza das tarefas propostas polo profesor, tanto de tipo individual como de grupo.

As cualificacións dos traballos irán de 0 a 10, tendo en conta a calidade, orixinalidade, limpeza e puntualidade no momento da entrega.

A cualificación do alumnado en cada avaliación establecerase segundo os seguintes criterios:

- Actividades prácticas (traballos, proxectos, ...): 80%
- Colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara ao traballo, atención na clase, presentación en tempo e forma dos traballos e exercicios: 20%

Cada un destes ítems valorarase de 0 a 10. A nota final de cada avaliación será a media aritmética ponderada empregando os pesos anteriormente descritos. Tras calcular dita media, esta deberá ser igual o superior a 5.

Para obter unha avaliación positiva da materia na avaliación ordinaria de xuño, haberá que superar as tres avaliacións. En caso de non superar unha avaliación poderase recuperar na seguinte, no caso dos alumnos de secundaria, coa entrega das tarefas non presentadas ou suspensas da avaliación anterior.

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións.



En 1º e 2º de Bacharelato poderase dividir cada bloque de contidos en tantos exames como se considere convinte, establecendo no seu caso o peso de cada un deles no conxunto do bloque.

Os exames realizados calificaranse sobre 10, sendo a calificación correspondente a este apartado, a media das obtidas. En caso de que se detecte cun alumno esta copiando, se lle recollerá o exame e calificará cun 0.

En Debuxo Técnico avaliaranse independentemente cada un dos bloques de contidos recollidos na programación, dacordo co criterio establecido, sendo a nota da avaliación, parcial ou final, a media das correspondentes a cada un deles.

No segundo e no terceiro trimestres realizarase un exame de recuperación da materia impartida no trimestre ou trimestres anteriores. Poderanse entregar nesas datas os traballos corrixidos ou non entregados no seu día, considerándose neste caso a súa presentación pero non servirán para subir nota.

## **24.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL**

### **Quen debe ir á avaliación final?**

Os alumnos que non obteñan a cualificación de aprobado en cada unha das tres avaliacións deberán presentarse á avaliación final na que se lles pedirá, no caso dos alumnos da ESO, a entrega dos traballos non realizados durante o curso, e, no caso dos alumnos de bacharelato, terán que presentarse ao exame final de recuperación dividido por avaliacións no que o alumno dará resposta so ás cuestións referidas ás avaliacións pendentes.

Así mesmo, entregará aqueles traballos de carácter obrigatorio que non presentara durante o curso.

A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media aritmética das tres avaliacións.

## **25.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

### **Alumnado de 2º ESO coa materia de E. Plástica, Visual e Audiovisual de 1º ESO.**

Serán dirixidos polo xefe do Departamento e terán que realizar 5 láminas por avaliación; en total 15 láminas ao longo do curso.

### **Alumnado de 3º ESO con E. Plástica, Visual e Audiovisual de 1º ESO:**

Segueríase o mesmo criterio que no caso anterior.

### **Alumnos de 4º da ESO:**

Serán dirixidos polo xefe do Departamento e terán que realizar 6 láminas por avaliación; en total 18 láminas ao longo do curso.

### **Alumnado de 2º de Bacharelato con Debuxo Técnico de 1º de Bacharelato.**

Serán dirixidos conxuntamente polo profesor da materia e polo xefe do Departamento.

Nas 1ª e 2ª avaliacións o alumnado terá que realizar os mesmos exames parciais que os alumnos e alumnas que cursan a materia por primeira vez. Ademais, a principios de curso o Xefe do Departamento entregará ao alumnado pendente unha serie de traballos que deberán realizar obrigatoriamente durante o curso. O alumnado poderá consultar as dúbidas aos profesores do Departamento. A cualificación será a media da correspondente aos exames realizados. O exame da 3ª avaliación terá lugar a principios de maio.

## **26.- PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES**

### **Como se fará o seguimento?**

Farase un programa de recuperación durante todo o ano e cualificacións periódicas en cada avaliación.

### **Como se avalía?**

#### **3º e 4º da ESO:**

Realizaranse unha serie de traballos por trimestre, que se cualificarán de 0 a 10. A nota da avaliación de pendentes será a media aritmética das tres avaliacións.

#### **2º de Bacharelato:**

Probas escritas e entrega dos traballos facilitados polo profesor.

## **27.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

